



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) queremos informarvos de que a Xunta de Galicia presentou a [Estratexia de Impulso á Biomasa 2014-2020](#), liderada pola [Consellería de Economía e Industria](#), que prevé unha mobilización de 450 millóns de euros en investimentos ata o ano 2020, axudas directas que superan os 89 millóns de euros e a xeración de 1.000 postos de traballo.

O obxectivo desta Estratexia, que está en consonancia coa [Estratexia de Especialización Intelixente \(RIS3\)](#), é potenciar unha nova industria ao servizo da recuperación económica de Galicia, creando unha auténtica industria da biomasa na nosa rexión e unha actividade empresarial punteira, que nos permita ser líderes e referentes nesta materia a nivel estatal.

Trátase de potenciar unha [enerxía limpa](#), capaz de reducir a dependencia enerxética de Galicia dos derivados do petróleo; de mellorar a xestión e o rendemento dos montes galegos contribuindo á prevención de incendios; que impulsa o aforro e a eficiencia enerxética; e protexe o medio natural ao reducir as emisións de CO₂.

A Estratexia de Impulso á Biomasa marca catro eixes de actuación para acadar os seus obxectivos:

1. **Incrementar a demanda da biomasa:** a estratexia fomentará o consumo deste combustible por parte de concellos, industria agroalimentaria e particulares, comezando pola propia Administración galega.
2. **Innovación tecnolóxica:** co fin de mellorar a oferta e as capacidades do sector mediante a colaboración entre emprendedores e outros axentes, como o [CIS Madeira \(Axencia Galega de Innovación\)](#), que terá un papel esencial neste eixo.
3. **Orixe e calidade galega:** as empresas do sector poderán amparar os seus produtos baixo o selo Galicia Calidade para poder recoñecer as condicións relativas á orixe, calidade, produción e sustentabilidade.
4. **Formación e divulgación:** neste eixo será fundamental a creación do “Foro da Biomasa”, que contará cos axentes económicos, administrativos e sociais do sector.

Con respecto ao segundo eixo, a **Axencia Galega de Innovación** priorizará os proxectos de I+D para o desenvolvemento da tecnoloxía ligada á explotación da biomasa mediante a convocatoria Conecta – PEME, a adquisición de equipamento innovador (Convocatoria I2C) e a priorización de investimentos en empresas innovadoras (Fondo I2C). Por outra banda, a través do **CIS Madeira**, fomentará as actuacións de xeración, captación e transferencia de coñecemento neste ámbito.

Agardamos que esta información sexa do teu interese,

Despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.